

BENEFICIOS PARA A CIDADANÍA

AMBIENTAIS

Incremento da biodiversidade e da conectividade ecolóxica

coa recuperación de hábitats naturais e seminaturais e a substitución de flora invasora por especies autóctonas.



Aproveitamento da funcionalidade ecolóxica a través dos servizos ecosistémicos

que ofrece a natureza como a regulación hídrica, sumidoiros de carbono, refrixeración urbana e mitigación da illa de calor.



Redución da contaminación atmosférica

co aumento de captación de CO2 das plantas.



SOCIAIS

Incremento da calidade de vida

coa creación de espazos verdes próximos e accesibles favorecendo a actividade física, a mobilidade activa, o contacto coa natureza e a redución do ruído ambiental.

Mellora do confort térmico e da calidade do aire e da auga

a través da vexetación como sumidoiro, redución de superficies impermeables e da drenaxe sostible a través da terra e plantas.

Reforzo da educación ambiental, da participación cidadá e do vínculo da cidadanía co territorio

a través do Laboratorio Vivo, accións de sensibilización e de recollida de contribucións da cidadanía para concretar solucións, riscos e oportunidades.



ECONÓMICOS

Redución dos custos de mantemento

asociados ao ciclo da auga e inundacións, e conservación de zonas verdes grazas ás SbN e as especies autóctonas, con menor necesidade de rega e achegas de produtos.

Impulso da economía verde

coa produción de alimentos de proximidade de calidade e manexo sostible de recursos naturais.

Reforzo da imaxe de Santiago

como cidade histórica que integra non so patrimonio cultural senon natural, ofrecendo alternativas de lecer en áreas verdes urbanas e periurbanas.

A transformación de Compostela nun modelo de cidade habitable, sustentable e adaptada ao cambio climático, conectando a natureza dende as marxes ata o corazón.